PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Ies Xesús Taboada Chivite



BILINGUAL SECTION

As respostas están basadas na Orde de 12 de maio de 2011 pola que se regulan as sección bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG 20 maio 2011)

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Que é unha sección bilingüe?

É un programa educativo no que se imparte unha materia non lingüística dun xeito bilingüe (parcialmente en inglés xunto coa lingua cooficial que corresponda).

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

IES Xesús Taboada Chivite
erín

Cales son os obxectivos dunha sección bilingüe?

- Mellorar a competencia lingüística en inglés.
- Empregar o inglés como ferramenta para aprender outros contidos.
- Fomentar o uso do inglés entre toda a comunidade educativa.
- Mellorar o coñecemento da cultura anglosaxona entre toda a comunidade educativa.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Por que unha sección bilingüe no *IES Taboada Chivite*?

- Para darlle unha resposta as necesidades actuais do noso alumnado así como para capacitalos para facer fronte á demanda dunha sociedade cambiante mellorando a calidade do ensino.
- Tal e como refire a ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros públicos, *o desenvolvemento da Unión Europea e a creación do seu mercado común levou no seu día á necesidade de formación en linguas estranxeiras. A Comisión Europea amosou o seu interese no ensino da lingua estranxeira de materias non lingüísticas, xerando un cambio de mentalidade sobre as formas máis efectivas de adquisición de idiomas.* Neste proxecto pretendemos dar resposta ó reto educativo do coñecemento doutras linguas no marco dun mundo global como instrumento fundamental para asegurar a posibilidade de éxito.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Cales son as ventaxas do bilingüismo?

Valor social

A aprendizaxe de varias linguas convértese nunha promesa de futuro, facilita a entrada no mundo do traballo e abre campos profesionais a quen as domina. A oportunidade de poder contar cunha sección bilingüe incrementaría as posibidades de aprendizaxe do inglés ó trasladalo tamén as MNL.

Formación dunha conciencia cultural

Importancia do uso e dominio dun idioma para chegar a un mellor entendemento entre os pobos. Buscamos un alumnado pluricultural xa que no noso centro convive alumnado de diferentes etnias e culturas e a apertura de mente que supón coñecer outras linguas fai que o alumnado sexa máis tolerante e solidario.

Adestramento cognitivo

Aprender unha linga estranxeira mellora o coñecemento e o dominio da lingua materna e desenvolve as capacidades xerais para aprender.

Metas afectivas

Aprender hoxe unha lingua estranxeira contribúe o desenvolvemento social, emocional e moral; fórmase unha autoestima positiva que contribúe o desenvolvemento íntegro da persoa.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Cal é o procedemento a seguir para entrar nunha sección bilingüe?

- O alumnado que estea matriculado en calquera dos cursos para os cales o centro esté autorizado pode formar parte do programa.
- Solicítase ao mesmo tempo que se fai a matrícula no centro, coa autorización por escrito dos pais.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Pódese abandonar o programa antes de que remate o curso?

- Non, agás por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Cal é o número mínimo e máximo de alumnado para formar sección?

- O número mínimo é de 12 alumnos na ESO e 10 en Bacharelato (dependendo das carácterísticas do centro pode ser menor).
- Non hai máximo, xa que computan os grupos non as seccións.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Que materias se impartirán parcialmente en inglés?

- Oratoria en 2º de ESO
- Física e Química en 3º de ESO

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Explícase todo en inglés?

- Sempre que sexa posible empregarase o inglés e sempre que sexa necesario empregarase o galego ou o castelán.
- Non se trata só de aprender inglés senón de aprender contidos nesa lingua e de aprender inglés non como "materia" senón com MENTA DE COMUNICACIÓN.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Como é o horario na sección bilingüe?

O horario da materia (Oratoria ou Física e Química) será o mesmo que o da materia non bilingüe.

Porén, o alumnado terá a opción (solicitude-voluntaria) de poder ter clases en inglés gratuítas, un día á tarde, baixo unha metodoloxía diferente (lúdica, participativa, dinámica…) como ampliación do seu horario lectivo, que serán impartidas por profesorado de inglés ou mesmamente profesorado nativo, sempre que as necesidades formativas así o requiran e os recursos do centro o permiten.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

IES Xesús Taboada Chivite
erín

Como son as clases na sección bilingüe?

Tanto nas clases de inglés como nas MNL (materias non lingüísticas) faise emprego dunha metodoloxía variada e dinámica con especial énfase nas competencias básicas, a aprendizaxe cooperativa, as estratexias de aprendizaxe, o uso das TIC na aula e o concepto do inglés como lingua viva, especialmente útil como medio de comunicación entre xentes doutras culturas e como ferramenta profesional hoxe imprescindible.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Canto tempo dura o programa?

O Programa está pensado para 2º e 3º de ESO coa idea de continuar no Bacharelato se o alumnado o desexa.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Que tipo de actividades pensa ofertar o centro para este programa?

- Organización de viaxes a cidades de fala inglesa, se é posible.
- Celebración das festividades máis importantes dos países de fala inglesa: Halloween, St Patrick's day, Thanksgiving Day, etc...
- Teatro e contacontos que representarán actores de fala inglesa.
- Organización dunha semana cultural dedicada as linguas estranxeiras.
- Participación no proxecto Erasmus +, de asociación escolar con institutos doutros países europeos, no que estamos inmersos.

PROGRAMA DE ENSINO BILINGÜE

Como se avalía ó alumno no bilingüe?

Os criterios de avaliación son os mesmos que os establecidos con carácter xeral na ESO e primarán os contidos curriculares sobre os lingüísticos, que en todo caso só serán considerados para mellorar a avaliación do alumnado.

A competencia comunicativa do alumnado en inglés tómase coma un valor engadido e a falta de fluidez non será penalizada.

Ies Xesús Taboada Chivite

Moitas grazas pola súa atención

IES XESÚS TABOADA CHIVITE
AVDA DE PORTUGAL 116 VERIN
32600- OURENSE
TELÉFONO: 988685070
Email: ies.xesus.taboada@edu.xunta.es